# IES ESCOLAS PROVAL (NIGRÁN)

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA.

# CURSO 2021-2022

# Índice


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE....4
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS....5
3.1. ETAPA ESO....5
3.2. ESTUDOS DE BACHARELATO....6
4. CONCRECIÓN PARA CADA NIVEL DOS OBXECTIVOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, GRAO DE CONSECUCIÓN E COMPETENCIAS CLAVE....7
4.1. OBRADOIRO MUSICAL 1º ESO....7
4.2. MUSICA 2º ESO....9
4.3. MÚSICA 3º ESO....21
4.4 LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO....29
5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN CADA NIVEL....36
5.1. ETAPA ESO....36
5.2. ESTUDOS DE BACHARELATO....37
6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE....38
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO....38
7.1. ETAPA ESO....38
7.2. ESTUDOS DE BACHARELATO....39
8. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA....39
9. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC....40
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES....40
11. METODOLOXÍA....40
12. TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES....41
13. MATERIAIS E RECURSOS EMPREGADOS....42
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSIAS QUE SE TRABALLARÁN....44

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está deseñada para desenvolver co alumnado do IES Escolas Proval de Nigrán durante o presente curso académico 2021-2022 pola profesora Cristina Alonso nos niveis de 1º, 2º e 3º ESO e 1º Bacharelato. Tomamos como punto de partida o establecido no DOGA do 29 de xullo do 2015 para os niveis de 2º e 3º de ESO e 1º Bacharelato e no DOGA do 4 de agosto de 2016 para a materia optativa en 1º de ESO "Obradoiro de música".

Os contidos da programación para S1 son aplicables a todo o curso, acumulativos, non excluíntes por trimestres. Dado que esta materia consta dunha única sesión semanal, e tendo en conta o anteriormente exposto, as seis unidades didácticas (dúas por trimestre) inclúen a práctica totalidade dos contidos, salvo excepcións, en diferentes graos de consecución.

A programación de S2 se desenvolve en 9 unidades, tres por cada trimestre.

A programación de S3 está formada por 7 unidades didácticas, dúas para cada trimestre excepto para o segundo, que abranguerá tres.

A de 1º de Bacharelato por 8 unidades, tres para o 1º trimestre, tres para o 2º e dúas para o 3º trimestre.

Cada unidade recolle os obxectivos do currículo, os bloques de contidos (ESO: Interpretación e creación, Escoita, Contextos musicais e culturais e Música e tecnoloxías;1º Bacharelato: Destrezas musicais, A audición comprensiva, A teoría musical, A creación e a interpretación e As tecnoloxías aplicadas ao son), os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, o grao de consecución, a temporalización e as competencias clave.

Porén, temos que precisar que este curso, debido ás restricións que, por mor da pandemia, seguen en principio a condicionar a actividade lectiva, vémonos obrigados a seguir deixando de lado o enfoque eminentemente práctico que aplicabamos á materia de Música en cursos anteriores e reducindo a actividade de práctica instrumental e, especialmente, vocal, sobre todo de tipo grupal, e primando a actividade de escoita activa e comprensiva e o achegamento ao feito musical dende múltiples ángulos interdisciplinarios.

Quedan desbotadas en principio tanto as actividades de práctica instrumental que impliquen o emprego de instrumentos de vento e as actividades de entoación. Na medida do posible, e sempre tendo en conta as posibles actualizacións da normativa xeral para os centros e específica para a materia, incorporaranse actividades de práctica instrumental que non impliquen compartir material, actividades de expresión vocal que non supoñan propiamente cantar e actividades de movemento e danza compatibles coas esixencias de distanciamento espacial mínimo entre alumnos.

A actual situación tamén nos obriga a deseñar toda a Programación de Aula de xeito que as actividades propostas sexan susceptibles de ser desenvolvidas tanto presencialmente na aula do centro como non presencialmente. Para facelo posible, a Aula Virtual será o vehículo imprescindible, pois toda actividade proposta presencialmente na aula física se verá recollida na Aula Virtual nun escrupuloso paralelismo temporal. Isto permitirá que, de producirse situacións como corentenas individuais ou de grupos de alumnos, desdobramento de grupos que acudan ao centro en periodos alternos ou confinamentos xerais, todo o alumnado teña a capacidade de seguir o curso e reincorporarse presencialmente en calquera momento.

Neste sentido, un dos obxectivos prioritarios que nos propoñemos dende principio deste curso é a familiarización do alumnado coa Aula Virtual, para o que será fundamental a nosa labor de acompañamento durante as primeiras semanas de curso.

Non podemos obviar, porén, a dificultade que -nos consta- seguen a ter moitos alumnos, por distintos motivos, para desenvolver a actividade escolar dende a casa.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O carácter integrador da materia de música contribúe á adquisición por parte do alumnado das seguintes competencias básicas:

- Competencia cultural e artística.

O estudio da música fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais en xeral e musicais en particular, por medio da experimentación propia e do coñecemento de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar, polo tanto, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se desenvolven as obras.

- Autonomía e iniciativa persoal.

As actividades relacionadas coa interpretación desenvolven capacidades e habilidades como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a propia estima, esixindo do alumno un esforzo cada vez máis importante de reflexión, planificación do traballo e toma de decisións.

- Competencia social e cidadá.

A participación en actividades de interpretación e creación colectiva fomentan a adquisición de habilidades de relación e interacción co grupo. O alumno aprende a expresar as súas propias ideas valorando as dos demais, a responsabilizarse da súa parte no traballo coordinándoa coa dos outros integrantes do grupo. A toma de contacto cunha ampla variedade de manifestacións musicais, tanto do pasado como do presente, favorece a valoración da propia tradición cultural e a comprensión doutras alleas, aprendendo así a valorar a sociedade na que se vive e as achegas da mesma e doutras diferentes ao progreso da humanidade.

- Tratamento da información e competencia dixital.

O uso cada vez máis frecuente dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e do software musical, dos distintos formatos de procesamento e gravación do son e da produción de produtos multimedia. Favorece tamén o aproveitamento de ferramentas informáticas para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de ocio.

- Competencia para aprender a aprender.

A aprendizaxe da música potencia capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como son a atención, a concentración e a memoria, desenvolvendo ao tempo o sentido de orde e de análise. A interpretación musical require unha toma de conciencia previa sobre as propias capacidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe segundo conveña e un control eficaz de tódolos procesos sen perder nunca de vista os obxectivos propostos.

- Competencia lingüística

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, empregando unha linguaxe precisa e axeitada. Tamén colabora na integración da linguaxe musical e verbal, e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

- Coñecemento e interacción co mundo físico.

O estudo da música contribúe á mellora da calidade do medio ambiente, ao identificar e reflexionar sobre o exceso de ruído na nosa sociedade, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, a fin de xerar hábitos de vida saudables. Os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, ademais de incidir no aspecto musical, preveñen problemas de saúde.

- Competencia matemática.

A música contribúe de forma notable ao desenvolvemento desta competencia, posto que o manexo dos principios básicos da linguaxe musical relacionados coas figuras, compases, intervalos e tipo de escalas e a comprensión da estrutura de boa parte da música contemporánea se basean en principios matemáticos. Por outra banda, os contidos relacionados coa análise do son, os seus parámetros e fenómenos que se producen na emisión, transmisión e recepción baséanse en principios físicos.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### 3.1. ETAPA ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudio e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal entre homes e mulleres.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización de fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no eido das tecnoloxías, especialmente nas da información e comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos eidos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- . Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do dos outros, respectar as diferencias, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Valorar e respectar a diferencia de sexos e a igualdade de dereitos de oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación.

**3.2. ESTUDOS DE BACHARELATO**

Na etapa de Bacharelato, o alumno, familiarizado xa coa linguaxe musical, é capaz de achegarse ao fenómeno musical cunha actitude crítica baseada nos coñecementos previos e nas ferramentas de traballo adquiridos na ESO. Os obxectivos básicos acadados na etapa anterior amplíanse no senso de:

- Acadar un repertorio amplo e representativo do acervo cultural propio, tanto no referente ao folclore como á música popular urbana e á clásica.
- Ser quen de analizar, comprender e recoñecer manifestacións vocais doutras épocas, culturas e civilizacións e valorar a súa achega á riqueza intercultural.
- Dominar unhas técnicas básicas que lle permitan a interpretación e a improvisación vocal-instrumental, tanto individualmente como formando parte dun grupo, valorando as posibilidades comunicativas e estéticas do acto de creación e de interpretación da música e asumindo roles diversos con responsabilidade.
- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
- Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.

Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal e interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información como medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e goce da música.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.
- Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.
- Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música de diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
- Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a súa contribución á vida persoal e á da comunidade.
- Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música, tomando conciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.

**4. CONCRECIÓN PARA CADA NIVEL DOS OBXECTIVOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, GRAO DE CONSECUCIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.**

**4.1. OBRADOIRO MUSICAL 1º ESO**

Unidade 1. Elementos básicos da música

| OBXEC TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALI ZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| n | B.1.3 Compás | B.2.3 Descifra partituras sinxelas | OMB 1.1.3 Identifica patróns rítmicos e melódicos sinxelos | 100% na aula | 1º trimestre | CAA |
| m | B.1.1 Figuración rítmica | B.1.1 Identificar pulso e figuras e silencios básicos | OMB 1.1.1 Identifica figuras e silencios | | | CCEC |
| | B.1.4 Notación musical | B.2.3 Identifica elementos musicais nas audicións | OMB 2.2.2 Emprega conceptos musicais con rigor e precisión | | | CMCCT |
| | B.2.3 Elementos da música | | OMB 3.3.1 Vocabulario adecuado para describir percepcións | | | |

Unidade 2. Música e ruído. A contaminación acústica

| OBXEC TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORAL ZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>c | B.2.6 Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado da música e a contaminación sonora | B.2.4 Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións | OMB 2.4.1 Mantén o silencio indispensable para a audición | 100% na aula | 1º trimestre | CCEC<br>CCC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| f | B.1.18 Atención ao silencio como elemento básico do feito musical<br>B.2.5 A audición como experiencia musical básica | B.2.5. Identificación de situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, reflexionar sobre as causas e buscar solucións | OMB 2.5.1 Toma de conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado. | | | CSIEE |

Unidade 3. O corpo como medio de expresión:canto e danza

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| k | B.1.7 O corpo como medio de expresión. características | B.1.3 Interpretación, creación e improvisación vocal e corporal | OMB 1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas | 100% na aula | 2º trimestre (acumulativo) | CCEC |
| n | B.1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da voz e percusión corporal | B.1.4 Improvisar e interpretar a partir das indicacións do docente coa voz, percusión corporal | OMB 1.4.3 Realiza improvisacións/composicións a partir de pautas establecidas previamente | | | CSIEE |
| l | B.1.11 As posibilidades expresivas do noso corpo. Elementos básicos de expresión corporal. | B.1.5 Integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada co pulso. | OMB 1.5.2 Mantén o pulso ao moverse | | | CAA |
| | B.1.12 Utilización da escoita de pequenas melodías para realizar coreografías | B.1.6 Manter unha postura corporal adecuada para acadar precisión rítmica e melódica | OMB 1.8.1 Interese polo coñecemento e coidado da voz e do corpo | | | CSC<br>CCEC |
| | B.1.6 O canto. Postura e emisión da voz | B.1.2 Procesos de postura, emisión, respiración e resonancia da voz . | OMB 1.2.1 Mantén unha postura correcta ao cantar | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Relaxación, articulación e entoación. | OMB 1.2.3 Aplica as técnicas vocais ás cancións practicadas na aula. | | | |

Unidade 4. Os instrumentos musicais como modo de expresión

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| a<br>b | B.1.21 Diversidade de fontes sonoras e a súa aplicación | B.1.10 Exploración de posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros | OMB 1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos | 100% na aula | 2º trimestre (acumulativo) | CCEC |
| e | B.1.14 A pequena percusión | B.1.6 Interpretación de pequenas pezas cos instrumentos da aula | OMB 1.6.1 Mantén unha postura correctamente<br>OMB 1.6.2 Utiliza as técnicas adecuadas<br>OMB 1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica | | | CAA |
| f | B.1.18 Pautas básicas de interpretación individual e en grupo | B.2.1 Silencio, atención, integración no conxunto, actitude crítica e aberta | OMB 1.8.3 Participa activamente no grupo, colaborando na mellora e amosando unha actitude aberta e respetuosa | | | CSC |
| j | B.1.19 Normas que rexen a interpretación en grupo | B.1.8 Desenvolvemento das capacidades e habilidades necesarias para a interpretación | OMB 1.8.2 Interésase polo desenvolvemento das capacidades propias e do conxunto, con | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | espírito crítico perante as interpretacións propias e alleas. |
| m | B.1.20 Técnica básica de interpretación instrumental | B.1.9 Desenvolvemento da capacidade de composición e improvisación partindo da técnica instrumental | OMB 1.8.2 Actitude de superación e mellora, respcto perante as distintas capacidades e formas de expresión dos compañeiros. |
| | B.2.2 Voces e instrumentos. Agrupacións | B.2.1 Identificar e coñecer as posibilidades físicas dos instrumentos da aula | OMB 2.1.1 Diferenza as sonoridades das voces e dos instrumentos da aula |

Unidade 5. Música e outras linguaxes

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E<br>j | B.3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. | B.3.1 Actividades que poñen en relación a música con outras disciplinas. | OMB 3.1.1 Relaciona con coherencia diversas disciplinas artísticas.<br>OMB 3.1.2 Identifica funcións que cumple a música na sociedade. | 100% na aula | 3º trimestre (acumulativo) | CCEC |
| M<br>n | B.4.6 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación.<br>Os recursos tecnolóxicos e a experiencia musical | B.4.6 Valoración dos recursos tecnolóxicos como medio de coñecer, aprezar, entender e practicar a música. | OMB 4.2.1 Utiliza fontes e procedementos apropiados para a elaboración de traballos relacionados co feito musical | | | CAA<br>CD<br>CMCCT |

Unidade 6. Música nosa e músicas alleas, tradición e modernidade.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| g | B.2.1 Recursos necesarios para a comprensión da música escoitada | B.2.1 Análise das características básicas de obras de distintos xéneros, estilos e periodos. | OMB 3.1.1Relaciona o feito musical con múltiples contextos<br>OMB 3.2.2 Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais con rigor e claridade. | 100% na aula | 3º trimestre (acumulativo) | CCEC |
| i | B.3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais | B.2.3 Características das distintas épocas, xéneros, estilos e culturas, presentes en audicións e en pezas a interpretar. | OMB 3.2.1. Amosa interese por coñecer distintos xéneros musicais e as súas capacidades espresivas, gozando delas como oínte e como intérprete. | | | CSC |
| j | B.3.3 Música tradicional galega | B.3.3 Audición e interpretación de repertorio básico que permita aprezar as características propias da nosa tradición musical. | OMB 3.2.1 É quen de contextualizar as obras interpretadas/escoitadas.<br>OMB 3.3.3 Interésase por ampliar e diversificar as súas preferencias. | | | |

## 4.2. MUSICA 2º ESO

Unidade 1. A representación gráfica da música

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| n | B.1.1 Repaso dos elementos da representación gráfica da música. | B.1.1 Distinguir e utilizar os elementos de representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol; figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións de tempo). | MUB B.1.1 Distingue e utiliza adecuadamente os elementos utiloizados na representación gráfica da música | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CCEC |
| a<br>c<br>d<br>g<br>ñ | B.1.11 Práctica individual e grupal de pezas musicais aprendidas a través de partituras. | B.1.6 Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades, asumindo diversos roles e achegando ideas ao grupo, contribuindo así ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB 1.4.4 Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias para as actividades propostas. | | | |
| | | B.2.2 Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB.2.2.1 Le e analiza partituras como apoio á audición. | | | |

Unidade 2. Elementos da obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| h | B.2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. | B.3.5 Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | MUB 2.5.1 Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CCEC |
| e | B.2.7 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | B.2.5 Identificar e describir mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal) algúns elementos e formas de organización e estruturación dunha obra musical. | MUB 2.5.2 Utiliza recursos con autonomía como apoio á análise musical.<br>MUB 2.5.3 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | | | CCL<br>CAA |

Unidade 3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>n | B.1.3 Procedementos compositivos e formas de organización musical.<br>B.2.2 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música | B.13. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.<br>B.2.2 Ler e analizar distintos tipos de partituras | MUB 1.3.1 Comprende e identifica os conceptos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CCEC<br>CCL<br>CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | escoitada. | no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición | MUB 2.2.1 Le e analiza partituras como apopio á audición. | | | |
| h<br>e | B.2.8 Valoración da audición como acto de comunicación e fonte de coñecemento e enriquecemento cultural | B.2.5 Identificar e describir mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal) algúns elementos e formas de organización e estruturación dunha obra musical. | MUB 2.5.2 Utiliza recursos con autonomía como apopio á análise musical.<br>MUB 2.5.3 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | | | |

Unidade 4. As voces e os instrumentos: clasificación e principais agrupacións.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>n | B.1.13 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. | B.1.7 Explora as posibilida des de diversas fontes e obxectos sonoros. | MUB 1.7.1 Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.<br>MUB 1.7.2 Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CCEC<br>CAA |
| m<br>n | B.2.1 Clasificación e discriminación auditiva dos | B.2.1 Identificar e describir os instrumentos, as voces e | MUB 2.1.3 Explora e descubre as posibilidades | | | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais. | as súas agrupacións. | da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia. | | | |
| l<br>n<br>ñ | B.3.5 Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores, concertos e producións musicais. | B.3.6 Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais. | MUB 4.2.1Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | | | CD<br>CAA |

Unidade 5. Xéneros, tendencias e estilos na música: música popular, folk, música popular urbana, música clásica.

| OBXEC TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALI ZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| g<br>l | B.2.5 Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluindo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais. | B.2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB 2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas ou culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>MUB 2.4.2 Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CCEE<br>CSC |
| n | B.3.5 Utilización de diversas | B.3.2 Demostrar interese | MUB 3.2.1 Amosa | | | CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ñ | fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores, concertos e producións musicais. | por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando e ex poñendo algún proxecto de investigación. | | CSC<br>CCEC |
| n | B.3.8 Épocas da historia da música: características prin cipais, autores significativos, audicións con apoio de partitura. | B.3.4 Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. | MUB 3.4.1 Distingue e sitúa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais.<br>MUB 3.4.2 Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | | CCEC<br>CCL<br>CSC |
| g<br>n<br>e | B.3.10 Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. | B.3.6 Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia. | MUB 3.6.1 Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tenden cias e representantes, grupos, etc e realiza unha revisión crítica desas producións.<br>MUB 3.6.2 Interésase por ampliar e diversificar | | CD<br>CAA |

as preferencias musicais propias.

Unidade 6. Música e outras linguaxes: corporal, teatral, audiovisual, radiofónica, publicitaria. Música e texto.

| OBXEC TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALI ZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| c<br>d<br>f | B.1.4 Experimentación e práctica das técnicas de movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | B.1.54 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptan do e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB 1.6.3 Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor e os compañeiros. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CCEE<br>CSC |
| m<br>n<br>f | B.3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>B.3.4 Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | B.3.1 Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | MUB.3.1.1 Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.<br>MUB 3.1.2 Recoñece e interpreta manifestacións de danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que | | | CAA<br>CSC<br>CCL<br>CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | pertencen.<br>MUB 3.1.3 Distingue e explica s diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | | | |

Unidade 7. Música e tecnoloxías: gravación e reproducción, informática musical, tecnoloxías da información e a comunicación.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B.4.1 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. | B.4.1 Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | MUB 4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>MUB 4.1.2 Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 3º trimestre | CCEE<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| e<br>b | B.4.5 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conxervación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | B.4.2 Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | MUB 4.2.1 Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito | | | CD<br>CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | musical. | | | |
| l<br>n<br>ñ | B.3.6 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ella. | B.1.4 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades a as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación. | MUB 1.4.1 Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe. | | | CCEC<br>CSIEE |

Unidade 8. Músicas do mundo.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| h<br>ñ | B.3.9 Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | B.3.5 Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | MUB 3.5.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.<br>MUB 3.5.2 Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 3º trimestre | CCL |
| n<br>ñ | B.3.5 Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores, concertos e producións musicais. | B.3.2 Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias | MUB 3.2.1 Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción | | | CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | persoal, elaborando e ex poñendo algún proxecto de investigación. | | | |
| g<br>l | B.2.5 Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluindo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais. | B.2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB 2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas ou culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>MUB 2.4.2 Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | | | CCEE<br>CSC |

Unidade 9. Música e danza popular galega

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>f<br>ñ | B.3.7 Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas. | B.3.3 Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical. | MUB 3.3.1 Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 3º trimestre | CCEC<br>CAA |
| g<br>n | B.3.10 Recollida de información, valoración e | B.3.6 Amosar interese e actitude crítica pola música, | MUB 3.6.1 Utiliza diversas fontes de | | | CD<br>CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| e | exposición do feito musical galego ao longo da historia. | os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia da música en Galicia. | información para indagar sobre as novas tenden cias e representantes, grupos, etc da música en Galicia e realiza unha revisión crítica desas producións.<br>MUB 3.6.2 Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. |

**4.3 MÚSICA 3º ESO**

Unidade 1. Concepto de Historia da Música e da Danza. As primerias manifestacións e vestixios dende a Prehistoria, civilizacións antigas e civilizacións clásicas. Relación da música coas outras artes.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>m<br>n<br>i<br>h | B2.4 Recoñecer visual e auditivamente e adscribir á época ou a cultura correspondente documentos gráficos e sonoros propostos. | MUB2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas contrastándoas coas xa coñecidas. Recoñéceas e sitúaas no espazo e no tempo | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 1º trimestre | CAA<br>CCEC<br>CSC<br>CCL<br>CMCCT |

Unidade 2. A Música na Idade Media. O canto gregoriano. A música profana: trovadores, xograres e goliardos. A lírica galego-portuguesa. O nacemento da polifonía. Organoloxía medieval: fontes iconográficas. A danza medieval.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| l<br>n<br>g | B2.5 Audición e análise elemental das características das pezas seleccionadas da Idade Media | B2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen as obras da Idade Media | MUB2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas contrastándoas coas xa coñecidas. Recoñéceas e sitúaas no espazo e no tempo | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 1º trimestre | CAA<br>CCEC<br>CSC |
| b<br>n | B2.2 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>B2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de fragmentos de obras musicais da Idade Media | B2.2 Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1 Le e analiza partituras como apoio á audición. | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 1º trimestre | CCEC |
| b<br>f<br>ñ | B3.7 Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental. | B3.3 Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical | MUB3.3.1 Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondente. | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | | CCEC<br>CAA |

Unidade 3. A música na Idade Moderna: Renacemento. A polifonía relixiosa: Reforma e Contrarreforma. A polifonía profana: o Madrigal. A música instrumental. Organoloxía renacentista: fontes iconográficas e tratados. A danza cortesá no Renacemento. Nacemento do ballet

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| n<br>b | B1.2 Coñecemento da textura homofónica e heterófónica. Repaso de todos os diferentes tipos de texturas. | B1.2Analizar e comprender o concepto de textura homofónica a través da audición, interpretación, lectura e análise das partituras traballadas na aula, e de exemplos característicos da das época. | MUB1.2.1 Recoñece, comprende e analiza as texturas monódica, homofónica, polifónica e heterofónica. | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 2º trimestre | CCEC<br>CAA |
| n<br>b<br>l<br>g | B1.3 Repaso das formas binarias, ternarias elementais a través da audición e con apoio de partituras.<br>B2.5 Audición e análise elemental das características das pezas seleccionadas do Renacemento. | B1.3 Coñecer as formas elementais de organización musical.<br>B2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen as obras do Renacemento. | MUB1.3.1Comprende, identifica e recoñece as texturas binarias e ternarias.<br>MUB2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>Recoñece e sitúa no | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 2º trimestre | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | espazo e no tempo as pezas seleccionada | . | | |
| b n | B2.2 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. B2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de fragmentos de obras musicais do Renacemento. | 2.2 Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición | MUB2.2.1 Le e analiza partituras como apoio á audición. | 50% proba teórica 50% traballo aula | 2º trimestre | CCEC CAA |

Unidade 4. A música na Idade moderna: O Barroco, procedementos compositivos e estilos. Música vocal no Barroco. Nacemento e evolución da ópera. Tipos de ópera. Musica relixiosa no Barroco: as grandes formas nas igrexas protestantes e na igrexa católica. Organoloxía e agrupacións instrumentais no Barroco. Nacemento da orquestra. Principais formas instrumentais. A danza cortesá no Barroco. O ballet de cour. A danza e a música escénica.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| n b | B1.2 Coñecemento dos principios compositivos propios do Barroco e da influencia dos cambios sociais, políticos e relixiosos na evolución da música barroca. | B1.2 Analizar e comprender o concepto de variaicón, imitación, contrapunto e melodía acompañada a través da audición, interpretación, lectura e | MUB1.2.1 Recoñece, comprende e analiza as formas e principios de composición empregados maiormente durante o Barroco | 50% proba teórica 50% traballo aula | 2º trimestre | CCEC CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | análise das partituras traballadas na aula, e de exemplos característicos da das época. | | | | |

Unidade 5. A música no Clasicismo.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| h<br>e | B2.7 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc<br>B2.8 Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural | B2.5 Identificar e describir mediante uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal, verbal) algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical. | MUB2.5.1 Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.<br>MUB2.5.2 Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.<br>MUB2.5.3 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 2º trimestre | CCEC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | escrito, con rigor e claridade. | | | |
| b<br>n | B2.2 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>B2.3 Identifica ción dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de fragmentos de obras musicais do Clasicismo. | BB2.2 Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1 Le e analiza partituras como apoio á audición. | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 3º trimestre | CCEC |

Unidade 6. A música no século XIX: O Romanticismo. Evolución, pervivencia e ruptura coa tradición.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| n | B3.8 O Romanticismo: características principais básicas, autores máis significativos/as | B3.4 Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. | MUB3.4.1 Distingue as características e sitúa temporalmente as etapas da | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 3º trimestre | CCEC<br>CCL |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A ópera. A zarzuela. O Ballet. | | historia: Romanticismo. | | | |
| l<br>n<br>g | B2.5 Audición e análise elemental e apreciación crítica de obras instrumentais e vocais representativas do Romanticismo Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais. | B2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB2.4.1 Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas contrastándoas coas xa coñecidas. MUB2.4.2 Recoñece e sitúa no espazo e no tempo pezas representativas do século XIX. | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 3º trimestre | CAA<br>CCEC<br>CSC |

Unidade 7: A música no século XX: As vangardas, os ismos, ruptura e continuidade durante a primeira metade de século XX. Diversidade e multiplicidade de correntes que conviven ao longo da segunda metade de século e ata os nosos días. Música concreta, electrónica, electroacústica, serialismo, serialismo integral, etc.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>d<br>f | B.2.4 Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto das que teñen fundamento na | B.2.2 Recoñecer auditiva mente e describir con posterioridade as características das obras escoitados ou interpretadas. | MUB 2.2.1 Percibe os aspectos máis salientables das obras escoitadas ou interpretadas e é quen de | 50% proba teórica<br>50% traballo aula | 3º trimestre | CMCCT<br>CCEC<br>CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| i<br>n | linguaxe musical culta como das que teñen fundamento nas linguaxes contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco ou as músicas do mundo. | | clasificalas. | | |
| | B3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | B3.2 Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | MUB 2.6.1 Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. | | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| | B4.2 Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. | B2.2 Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. | MUB4.1.2 Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | | CSIEE |

**4.4 LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO**

Unidade 1. Representacion gráfica do son: altura, duración, intensidade, agóxica e expresión. Evolución da representación gráfica do son.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| d<br>i<br>n | B.3.1 Coñecemento das grafias, das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, grupos de valoración especial, etc. | B.3.1 Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | LPBM 3.1.1 Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CCEC<br>CCL<br>CMCCT |
| | B.3.2 Coñecemento das grafias e dos termos relativos á expresión musical, a dinámica, ao tempo, a agóxica, a articulación musical e ao ataque dos sons. | | LPMB 3.2.1 Identifica e interpreta os signos raficos propios da linguaxe musical contemporánea. | | | |
| | B.3.3 Aproximación ás grafias contemporáneas. | | LPMB 2.2.2 Utiliza a lectura e a escrita musical como apoio á audición. | | | |
| | B.3.4 Coñecemento das normas de escritura melódica. | | LPMB 2.2.3 Escoita obras musicais seguindo a partitura. | | | |
| | B.3.7 Coñecemento dos principais sistemas de | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | cifrado musical.<br>B.3.8. Coñecemento da ornamentación musical.<br>B.3.9 Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e a intensificación expresiva.<br>B.3.10 Ambito sonoro das claves e a súa relación entre si. | | | | | |
| f<br>i<br>n | B.2.9 Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado. | | | | | CCEC<br>CCL |

Unidade 2. Elementos musicais básicos: melodía, ritmo, harmonía, textura.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i<br>n<br>ñ | B.2.1 Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. | B.2.1 Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para mantelo durante breves periodos de silencio. | B.2.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e acada unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha idónea execución individual ou colectiva. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CCEC<br>CMCCT<br>CSC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | B.2.2 Percepción, identifica ción e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. | | LPMB 2.2.5 Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía idónea. |
| | B.2.3 Percepción, identifica ción e transcrición de signos que modifican a duración, sincopes, anacrusas, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valora ción especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-frac ción, etc. | | |
| f<br>i | B.2.6 Recoñecemento com prensivo das texturas musi cais e dos timbres instrumen tais nas obras escoitadas ou interpretadas. | | |
| i<br>n | B.3.5 Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais. | B.3.2 Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. | LPMB 3.2.1 Identifica os elementos básicos da linguaxe musical utilizando diferentes soportes.<br>LPMB 3.2.3 Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. |
| c<br>d | B.4.1 Realización vocal ou instrumental de fórmulas | B.4.1 Realizar exercicios psicomotores e improvisar | LPMB 4.1.1 Practica variantes de fórmulas |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i l m n | rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes. | estructuras rítmicas sobre un fragmento escoitado de xeito individual ou grupal. | rítmicas coñecidas e as improvisa libremente, de acordo co pulso e o compás do fragmento escoitado. | | | |
| | B.4.7 Desenvolvemento da lateralidade por medio da realización simultánea de diferentes ritmos básicos. | | | | | |

Unidade 3. Relacións de altura: intervalos, transporte melódico, escalas, graos da escala.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i n ñ c d | B.1.3 Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpexios ou acordes.<br>B.1.7 Práctica da lectura de notas sin clave, atendendo ao debuxo interválico. | B.1.2 Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. | LPMB 1.2.1 Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 1º trimestre | CSC<br>CMCCT<br>CAA |

Unidade 4. Elementos fundamentais da harmonía: intervalo harmónico, consonancia e disonancia, acorde, cadencia.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| i n f | B.2.5 Percepción, identificación auditiva e transcricion das escalas, funcións tonais, | B.2.2 Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as caracterís | LPMB2.2.1 Percibe aspectos tonais, modais, cadenciais, etc. das obras | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CCEC<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | acordes maiores e menores, acordes de 7ª , cadencias, modos e intervalos fora do concepto tonal.<br>B.2.10 Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas. | ticas das obras interpretadas ou escoitadas. | escoitadas ou interpreta das. | | | |
| | B.3.6 Coñecemento e comprensión das escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalida de, modalidade, modulación. | B.3.2 Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical | LPMB 3.2.2 Recoñece elementos harmónicos básicos.<br>LPMB 3.2.3 Aplica correctamente a termino loxía propia da teoría musical. | | | |

Unidade 5. Sistema tonal. Modo maior e menor. Modulación.

| OBXEC TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALI ZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| c<br>d<br>i | B.4.2 Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías. | B.4.2 Improvisar individual ou colectivamente breves melodías tonais ou modais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical. | LPMB 4.2.1 Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CMCCT<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |

Unidade 6. Elementos formais básicos: frase, periodo, célula, sección. Principios compositivos básicos: repetición, contraste, variación, desenvolvemento.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>c<br>d | B.4.5 Achegamento aos procesos compositivos máis habituais | B.4.4 Improvisar ou compoñer unha breve obra musical a partir dunha melodía dada, utilizando os coñecementos adquiridos. | LPMB 4.4.1 Crea unha pequena obra musical e/ou coreográfica utilizando os coñecementos adquiridos.<br>LPMB 2.2.1 Percibe os aspectos formais das obras escoitadas ou interpretadas. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 2º trimestre | CMCCT<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| i<br>l<br>n | B.3 | | | | | |
| | B.4 | | | | | |

Unidade 7. Clasificación dos principais xéneros, tipos e estilos de música. Trazos melódicos, rítmicos, harmónicos, tímbricos e formais que os caracterizan. Achegamento á sintaxe melódica e harmónica nalgunhas linguaxes específicas.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>d<br>f | B.2.4 Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto das que teñen fundamento na | B.2.2 Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitados ou interpretadas. | LPMB 2.2.1 Percibe os aspectos máis salientables das obras escoitadas ou interpretadas e é quen de | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 3º trimestre | CMCCT<br>CCEC<br>CCL |

| | | | |
|---|---|---|---|
| i<br>n | linguaxe musical culta como das que teñen fundamento nas linguaxes contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco ou as músicas do mundo. | | clasificalas. |

8. As tecnoloxías aplicadas ao son: software básico para a edición de partituras, gravación e edición do son, secuenciadores, elaboración de arranxos e creación, MIDI.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>i<br>f<br>l<br>m<br>n | B.5.7 Hardware musical: ordenadores, tarxetas de son e conexións.<br>B.5.8 Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas. | B.5.1 Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. | LPMB 5.1.1 Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais. | 50% proba teórica<br>50% proba práctica | 3º trimestre | CMCCT<br>CAA<br>CD |
| | B.5.9 Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesado de sons, de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.<br>B.5.10 Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou | B.5.2 Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación do son. | LPMB 5.2.2 Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpreta ción, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito | | | |

audiovisuais.
B.5.11 Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos e imaxes.

musical.

**5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN CADA NIVEL.**
**5.1. ETAPA ESO**

<u>1º ESO</u>
1. Concepto de son, ruído, silencio e contaminación acústica
2.Identificación do pulso en pezas instrumentais e vocais.
3. Produción de patróns rítmicos básicos con percusión corporal.
4. Interpretación de danzas sinxelas sincronizando movemento corporal e pulso.
5. Coñecemento das posibilidades técnicas dos instrumentos da aula.
6. Características da música popular galega por contraste con músicas doutras culturas.

<u>2º ESO</u>
1. Concepto de son.
2. Concepto de ruído.
3. Calidades do son. Definición e discriminación de cada unha delas.
4. Recoñecemento das notas na clave de sol.
5. Función das alteracións.
6. Recoñecemento das figuras e silencios correspondentes.
7. Coñecemento dos principais signos de prolongación do son (puntiño, ligadura)
8. Indicacións de compás e tempo
9. Indicacións de matiz
10. Clasificación básica dos instrumentos musicais. As familias da orquestra. Principais agrupacións instrumentais.
11. Clasificación das voces. Principais agrupacións vocais.

12. Conceptos de ritmo, melodía, harmonía e textura.
11. Recoñecemento auditivo e visual dos principais tipos de textura: monódica, homofónica, polifónica, contrapuntística.
12. Recoñecemento auditivo e visual dos procedementos compositivos básicos: repetición, contraste, variación, desenvolvemento.
13. Clasificación correcta dos instrumentos da orquestra, os tradicionais galegos e as voces.
14. Recoñecemento auditivo dos principais instrumentos e voces e das agrupacións máis estandarizadas. 15.
15.Sonorización de pequenas pezas dramáticas e/ ou realización de producións audiovisuais sinxelas como anuncios publicitarios ou videoclips.

<u>3º ESO</u>
1. Recoñecemento e utilización correcta dos elementos básicos da representación do son: notas, figuras, liñas adicionais, claves de sol e fa en 4ª, indicacións de matiz e tempo.
2. Recoñecemento auditivo e visual dos principais elementos da música.
3. Coñecemento das características que permiten identificar os principais xéneros, estilos e períodos da música.
4.Recoñecemento auditivo dos principais xéneros e estilos musicais: música culta, popular urbana (jazz, rock, pop), tradicional e folk.
5. Recoñecemento auditivo dos principais movementos e estilos na música culta occidental e a súa periodización.
6. Identificación dos trazos principais da música e da danza na Idade Media.
7. Identificación dos trazos principais da música e da danza no Renacemento.
8. Identificación dos trazos principais da música e da danza no Barroco.
9. Identificación dos trazos principais da música e da danza no Clasicismo.
10. Identificación dos trazos principais da música e da danza no Romanticismo.
11. Identificación dos trazos principais que caracterizan as principais correntes e estilos na primeira metade de século XX.
12. Identificación dos trazos principais que caracterizan as múltiples correntes e estilos que conviven na segunda metade de século XX.
13.Interpretación individual e en grupo dun repertorio de pezas vocais e instrumentais sinxelas pertencentes a diferentes culturas, estilos e períodos.
14. Interpretación en grupo dun repertorio de danzas sinxelas pertencentes a diferentes culturas, estilos e períodos.

**5.2. ESTUDOS DE BACHARELATO**
<u>1º Bacharelato:</u>
1.Conceptos básicos de melodía, harmonía e ritmo.
2. Análise e clasificación de intervalos.
3. Principais tipos de escalas: maior e menor, pentatónica, de tons enteiros, modos gregorianos e series.
4. Transporte de intervalos e escalas.
5. Graos da escala, acordes maiores e menores e tipos de cadencias.
6. Identificación dos elementos formais básicos.

7. Identificación dos procedementos compositivos básicos.
8. Recoñecemento de fragmentos pertencentes a diferentes xéneros, tipos e estilos de música en función dos seus trazos característicos (música culta de diferentes períodos, tradicional, jazz, rock, pop).
9. Lectura de partituras sinxelas en clave de sol e fa en 4ª liña, en compases simples ou compostos, con combinacións de valores ata semicorchea, incluído puntiño, ligaduras de prolongación, contratempos, sincopas e tresillos.
10. Interpretación de ditas partituras a solo ou en grupo,coa voz de ser posible ou con instrumentos da aula (instrumental Orff, percusión tradicional, teclados, guitarra).

## 6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación debe consistir nun proceso continuo de recollida e análise da información, que nos permita detectar en todo momento que coñecementos e destrezas están a adquirirse e se se relacionan correctamente cos xa adquiridos, que dificultades afectan negativamente ao proceso e, polo tanto, que se debe corrixir ou mellorar. Polo tanto, a fin de avaliar correctamente todo o proceso, cómpre empregar diferentes instrumentos e procedementos de avaliación, axeitados tanto á avaliación do produto final (adquisición por parte dos alumnos) como ao proceso (ensino-aprendizaxe).
Pódense concretar nos seguintes:

- Observación sistemática (traballo diario na aula, revisión dos cadernos de clase, rexistro individual das intervencións significativas de cada alumno)
- Análise do traballo individual de cada alumno (testes, presentacións, traballos de investigación, interpretacións, análise de audicións, exercicios de clase en xeral, resumos e comentarios sobre textos).
- Probas específicas (autoavaliacións, exposición dun tema oralmente, interpretación individual e en grupo, probas da avaliación, actividades de improvisación e/ou creación individualmente ou en grupo, participación activa nas actividades organizadas polo departamento de música).
- Análise das propostas didácticas (adecuación dos contidos, da metodoloxía, das actividades desenvolvidas, temporalización, criterios e probas de avaliación, etc.) Compre lembrar que o departamento fará un seguimento do desenvolvemento da programación en cada nivel todo ao longo do curso, que irá levando a facer os axustes pertinentes.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1. ETAPA ESO

Na ESO, avaliarase cada unidade didáctica correspondente a cada curso, valorando a adquisición de contidos e a realización das tarefas individuais e colectivas propostas (pezas para interpretar, audicións, elaboración de contidos audiovisuais, exercicios de clase, lecturas, etc.) Os alumnos deberán obter unha cualificación numérica de 5 como mínimo en cada unha das actividades propostas para cada unidade, e a nota da unidade didáctica resultará da media de todas elas.
A cualificación de cada trimestre resultará de facer a media entre as cualificacións obtidas en cada unha das unidades traballadas no trimestre.

A cualificación final do curso, na avaliación ordinaria de xuño, se obterá calculando a media entre as cualificacións das unidades didácticas traballadas todo ao longo do curso.
As cualificacións correspondentes á avaliación extraordinaria de xuño e á avaliación de maio ou de xuño da materia pendente serán as obtidas nos exames respectivos (maio ou xuño), que se axustarán aos contidos mínimos establecidos para cada curso.

## 7.2. ESTUDOS DE BACHARELATO

En Bacharelato valorarase a parte teórica da programación por medio de, polo menos, un exame escrito trimestral e de audicións, e a parte práctica por medio da cualificación de cada interpretación individual ou como membro dun grupo. O alumno deberá obter polo menos un 5 en cada unha das probas, tanto teóricas como prácticas, para aprobar o trimestre.
A nota do trimestre será resultado de facer a media entre todas as notas, tanto correspondentes a contidos teóricos como a probas prácticas.
A nota de xuño ou cualificación final resultará de facer a media numérica entre todas as notas do curso.
As cualificacións correspondentes á avaliación extraordinaria de xuño e á avaliación de maio ou de xuño da materia pendente serán as obtidas nos traballos e exames respectivos (maio ou xuño), que se axustarán aos contidos mínimos establecidos para cada curso.

## 7.3. AVALIACIÓN DE ALUMNADO EN SITUACIÓN DE CONFINAMIENTO

O alumnado que precise pasar da modalidade de ensino-aprendizaxe presencial á modalidade non ou semi-presencial poderá facelo, como xa quedou recollido no apartado 1, Contextualización, a través da Aula Virtual, na que quedarán matriculados durante as primeiras xornadas do curso todos os alumnos. Todas as actividades que se vaian propoñendo na Aula Presencial serán cargadas, seguindo a mesma temporalización, na Aula Virtual. Somente requerirán adaptación as actividades que na Aula Presencial se desenvolvan en grupo, para adecualas ao traballo individual dende a casa.
As calificacións das tarefas entregadas na Aula Virtual nos prazos correspondentes será tida en conta para sumar coas calificacións obtidas na Aula Presencial para obter as cualificacións trimestrais e a cualificación final de xuño.

# 8. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Para cada unidade didáctica ou bloque, dentro de cada nivel, prevense lecturas complementarias obrigatorias que amplían contidos e permiten ao alumno profundar no aprendido. Algunhas das lecturas constitúen un bo punto de partida para posteriores traballos de investigación. Outras conducen á reflexión e ao debate entre os alumnos.
O profesor proporá, ademais, dentro de cada unidade ou bloque dos distintos niveis, lecturas complementarias de carácter voluntario máis extensas (libros ou capítulos de libros) que, preferiblemente, se atopen na biblioteca da aula, do Instituto, na biblioteca municipal ou na rede.

## 9. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

A utilización das TIC xoga un papel fundamental na área de música, posto que o desenvolvemento tecnolóxico ten revolucionado tanto os conceptos de difusión e produción da música ao tempo que vén abrindo cada vez máis camiños á interpretación e creación musical.

A súa utilización concretarase como

– utilización de fontes de información como internet para a investigación de contidos, autoaprendizaxe, etc.

–Familiarización con recursos tecnolóxicos para a produción musical (gravación, edición de produtos musicais e audiovisuais, edición de partituras, etc.)

–Experimentación cos alumnos de unidades didácticas para internet elaboradas pola profesora.

–Gravación por diversos medios de pezas interpretadas polos alumnos.

–Sonorización de imaxes.

–Experimentación con diferentes recursos tecnolóxicos empregados como procedementos compositivos e para elaboración de arranxos.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os contidos esixibles corresponderanse cos contidos mínimos correspondentes a cada curso.

O reforzo está previsto en forma de tarefas que os alumnos terán que realizar ao longo do curso baixo a supervisión do profesor. O profesor titor de alumnado con materias pendentes será informado puntualmente das tarefas propostas, da entrega en prazo e das cualificacións correspondentes.

Ditas tarefas avaliaranse nos prazos que se establezan (un por trimestre ao menos) e as cuestións dos exames de maio e xuño serán extraídos das mesmas. A superación de dito exame nas convocatorias de maio ou de xuño suporá a superación da materia pendente de cursos anteriores.

Na ESO, a superación da materia nun curso suporá automaticamente a recuperación da materia pendente dos cursos anteriores.

## 11. METODOLOXÍA

Todo proceso educativo debe ter en conta os coñecementos previos dos alumnos e os seus intereses. Unicamente así acadarán aprendizaxes funcionais e, grazas a eles, poderán traducir os contidos á súa linguaxe propia, utilizalos noutras áreas e aproveitar o aprendido para seguir aprendendo.

Para desenvolver as competencias básicas, a metodoloxía docente se concretará en cada unidade didáctica nos distintos tipos de actividades e nas diferentes formas de presentar os contidos. O seguinte esquema de traballo intenta espertar o interese sobre un tema, motivar, contextualizar un contido e transferir a súa aprendizaxe a outros ámbitos:

- Introdución á unidade didáctica a fin de motivar ao alumnado. Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, a fin de proporcionar unha visión global que os axude a familiarizar co tema que se vai tratar.

• Análise dos coñecementos previos dos alumnos. A través das actividades iniciais e do esquema xeral de cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito o alumnado entrará en contacto co tema e o profesor identificará os coñecementos previos que posúe o grupo, o que lle permitirá introducir as modificacións precisas para atender as diferencia e, sobre todo, prevelas.
• Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade. O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica, procurando manter o interese e fomentando a participación do alumnado. Cando o estime oportuno, e en función dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos, poderá organizar o tratamento de determinados contidos de forma agrupada, ou reestruturalos, de xeito que lles facilite a realización de aprendizaxes significativas.
• Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas. Os alumnos desenvolverán diferentes tipos de actividades para asimilar e reforzar o aprendido. Ditas actividades sucederanse co desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais e a xeneralización dos mesmos Todo baixo a supervisión persoal do profesor, quen analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias.
• Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo. Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. De seguido, comentaranse as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, por medio dunha discusión e posta en común guiada polo profesor.
• Variedade de instrumentos didácticos. A utilización de diferentes formatos (CDS, textos, vídeos, páxinas web, partituras, gráficos e esquemas, etc.) contribúe a enriquecer a experiencia básica da aprendizaxe.
• Resumo e síntese dos contidos da unidade. Ao finalizar cada tema, intentarase vincular os contidos estudados na unidade cos conceptos principais e a relación entre eles. Deste xeito, sintetizaranse as principais ideas expostas e repasarase o comprendido polos alumnos.

## 12. TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES

• Audición. É sen dúbida un dos mellores medios de afianzar a sensibilidade e a percepción do alumnado. O seu obxectivo final será orientalo cara a unha audición comprensiva que lles permita identificar os elementos integrantes do discurso musical e valorar as distintas manifestacións musicais como un fenómeno inserido na historia e na sociedade. Pero non debemos desbotar o aspecto puramente lúdico da escoita.
• Interpretación. Quizais sexa a experiencia máis grata, enriquecedora, tanto a nivel individual como colectivo. En función das características do grupo (número, coñecementos, tempo dispoñible, etc.) se chegará á interpretación de pezas ben por imitación, ben por lectura ou combinando ambos métodos. En todo caso, a interpretación musical, aparte de ser un fin en si mesma, debe contribuír á asimilación de conceptos que permitan unha experiencia realmente consciente da música. Interpretación. Quizais sexa a experiencia máis grata, enriquecedora, tanto a nivel individual como colectivo. En función das características do grupo (número, coñecementos, tempo dispoñible, etc.) se chegará á interpretación de pezas ben por imitación, ben por lectura ou combinando ambos métodos.
Polo tanto, antes da interpretación propiamente dita e da forma máis metódica posible, é conveniente incidir na análise musical da peza. Na interpretación colectiva, é fundamental o reparto de responsabilidades e dificultades conforme ás diferentes capacidades de cada alumno.

• Creación. Unha boa parte das actividades de creación requiren a asimilación e o manexo dos elementos básicos da linguaxe musical para poder afrontar a improvisación, a elaboración de arranxos ou a composición libre ou guiada de pequenas pezas.

•Investigación. De acordo co nivel, intereses, gustos e capacidades de cada alumno se proporán traballos de ampliación complementarios que permitiran aos alumnos desenvolver iniciativas persoais, habilidades como organización do traballo, estratexia de grupo, comunicación oral perante o publico, etc.

**13. MATERIAIS E RECURSOS EMPREGADOS**

Durante o presente curso non se empregará libro de texto en ningún dos niveis. No traballo da aula se empregarán materiais preparados pola profesora.

• Libros e CDS de consulta:


Alonso Pimentel, Sara: *Vocabulario de música e espectáculos*. E. Xunta de Galicia (DXPL), 1988

Assélineau, M. et Berel, E.: *Audición y descubrimiento de los instrumentos*. Ed. Fuzeau, 1991

Assélineau, M. et Berel, E.: *Audición y descubrimiento de la voz*. Ed. Fuzeau, 1991

Assélineau, M. et Berel, E.: *Formas instrumentales.* Ed. Fuzeau, 2001

Assélineau, M. et Berel, E.: *Formas vocales*. Ed. Fuzeau, 2001

Bennet, Roy: *Investigando los estilos musicales*. Ed. Graó, 2013

Bennet, Roy: *Forma y diseño*. Ed. Akal, 1999

Casares Rodicio, Emilio: *Historia de la música*. Bachillerato. Ed. Everest, 2002

Cuart, Francisca: *La voz como instrumento*. Ed. Real Musical, 2001

Escudero, Mª del Pilar: *Educación de la voz 1º*. Ed. Real Musical, 2002

Fernández García, Rosa Mª e de la Puente Vaquero, Isabel: *Historia de la música. Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociales*. Ed. Galinova, 1991

Hamburguer, David: *Guitarra blues: inicio*, Ed. Music Distribución, 1999

Karolyi, Otto: *Introducción a la música*. Alianza Editorial, 1999

López Carriches, E e Benayes Ayuso, J: , J., *Listen, play and create I e II*. Ed. Educalia, 2012

López Carriches, E e Benayes Ayuso, J: *Music through History.* Ed. Educalia, 2012

Martínez Gómez, José Benito e Lloréns Lloréns, José Luis: *Música en Secundaria*. *Unidades didácticas 1 a 7*. Ed. Real Musical, 1992

Michels, Ulrich: *Atlas de música*. Alianza editorial, 1996

Pérez, Mariano: *Diccionario de la música y los músicos*. Ed. Istmo, 1985

Phillips, Mark: *Guitarra para Dummies*. Ed. Granica, 2007

Sadie, Stanley: *Guía Akal de la música.* Ed. Akal, 2009

Sandor, F.: *La educación musical en Hungría*. Ed. Real Musical,1986

Szonyi, E.: *La educación musical en Hungría a través del método Kodaly*. Ed. Real Musical, 1976
VV. AA., *Curso de piano y teclados*, Ed. Orbis Fabbri, 1996
Villa Rojo, Jesús: *Lectura musical vol. I, La grafía musical contemporánea.* Ed. Real Musical, 1988Musical, 1988

• Partituras
Castillo, Manuel: *Introducción al piano contemporáneo*. Ed. Real Musical, 1975
Casto Sampedro y Folgar: *Cancionero musical de Galicia*. Ed. Fundación Barrié de la Maza, 198
Cifre, *Antología coral*. Ed. Real Musical, 2002
*Méthode moderne de piano John Thompson*. The Willis Music Company
Sanmartín Montaña, Alberte: *O Pentafol*. Ed. Iniciativas audiovisuais, 2007
Sampedro y Folgar, Casto: *Cancionero musical de Galicia*. Ed. Fundación Barrié, 1982
*The joy of piano duets*. Yorktown music press

• Videograbacións
*Artesanía. Os instrumentos musicais, tradición e continuidade*. Ed. AS-PG, 1993
*Los instrumentos de la orquesta*. Ed. Educamadrid, 1990

• Revistas
Amadeus
Eufonía. Didáctica de la música
Música y Educación: revista trimestral de pedagogía musical

• Páxinas web
http://www.aulaactual.com
http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos
http://www.conservatoriovirtual.com
http://www.musicanet.com
http://www.cnice.mec.es/musica
http://www.usuarios.lycos.es/sonymusica
http://www.teoria.com

•Instrumentos da aula

• Biblioteca do centro
•Aula de informática do centro

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSIAS QUE SE TRABALLARÁN

Estes temas non aparecen de modo explícito nos contidos e obxectivos da área, inda que se integran no currículo xeral. A área de música concreta a súa contribución aos temas transversais nos seguintes aspectos:
Potencia a Educación cívica e moral e a Educación para a paz fomentando a elaboración de xuízos propios por medio de debates ou discusións. O alumno poderá expresar na aula as súas opinións e valorar as dos demais. Poténciase tamén o traballo conxunto e, por tanto, a responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a consideración de distintos puntos de vista e aceptación de decisións conxuntas. O coñecemento do patrimonio musical de culturas alleas á nosa fará que os alumnos valoren a diversidade racial e cultural como un elemento enriquecedor e non discriminatorio.
A Educación para o consumidor e a igualdade de sexos contémplanse sobre todo dende a perspectiva da música actual, creando elementos de xuízo e valoración necesarios para analizar e discriminar os elementos artísticos dos comerciais na música de consumo.
A Educación para a saúde foméntase coa adquisición de hábitos saudables no referente ao emprego da propia voz e o corpo en xeral como medio expresivo.

## 15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dado que non todos os alumnos adquiren os coñecementos e destrezas coa mesma rapidez, e que adoitan ter distintos intereses, formación e necesidades, cómpre deseñar actividades e facer provisión de recursos ou estratexias variadas, axeitadas á distinta tipoloxía de alumnos, especialmente a aqueles que teñen necesidades educativas especiais permanentes.
Neste sentido, a colaboración co persoal especializado (Departamento de Orientación e profesorado de apoio) será fundamental, sobre todo á hora de ter en conta aos alumnos diagnosticados de dislexia ou TDHA, para os que se seguirán os protocolos correspondentes recomendados.
Pero incluso entre os alumnos carentes de necesidades educativas especiais se constata a necesidade de diversificar actividades, materiais, niveis de esixencia, metodoloxía, etc. No 1º curso de Bacharelato especialmente, ano tras ano atopamos un gran desnivel entre os alumnos que non cursaron a materia optativa en 4º de ESO ou incluso que se incorporan desde a ESA ou desde un ciclo profesional tras varios anos sen cursar música e os alumnos procedentes de 4º de ESO, polo que demandan medidas de atención inmediatas.
Por outra banda, en todos os niveis atopamos tamén alumnos que, sen cursar estudos reglados de música e, non tendo dereito por tanto á validación da materia, participan en actividades musicais en bandas-escolas, grupos de música tradicional, escolas de música e danza, etc. Ditos alumnos adoitan desenvolverse con maior facilidade e levar a cabo as tarefas con mais rapidez que a media do alumnado da clase, polo que esixen tamén medidas de atención especial para evitar que se desmotiven.

Ditas medidas aplícanse dende o comezo mesmo do proceso de aprendizaxe, no que comezan a detectarse os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada alumno. As actividades iniciais ou diagnósticas determinan os coñecementos previos do alumno, operación imprescindible se pretendemos acadar unha aprendizaxe significativa e funcional. As actividades de reforzo inmediato concretan e relacionan os diversos contidos, consolidando os coñecementos básicos e contextualizándoos en situacións variadas. As actividades finais, propostas ao final de cada unidade didáctica, avalían de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos que pretendemos que acaden os alumnos. Serven para avaliar individualmente o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase.

A selección de materiais de acordo co grao de coñecementos e habilidades de cada alumno é básico dende o punto de vista da atención á diversidade. Por iso dentro de cada unidade didáctica cómpre prever:

- mapas de contidos xerais e conceptos básicos en forma de lectura, imaxes, explicación do profesor, vídeos introdutorios, etc.
- informacións e traballos voluntarios complementarios para manter o interese dos alumnos máis dotados
- actividades de reforzo de tipo variado (preguntas de opción múltiple, de completar, encrucillados, audicións, etc.) para insistir en conceptos básicos e facilitar a súa comprensión, asimilación e relación con outros conceptos.
- pezas instrumentais, vocais e vocais-instrumentais para interpretar individualmente con diversos graos de complexidade e pezas para a interpretación instrumental, vocal ou corporal colectiva que permitan unha distribución de roles entre os alumnos axeitada á diversa tipoloxía dos mesmos.

Dito material previsto na Programación de Aula, será seleccionado e empregado en función das necesidades que se vaian detectando nos diversos niveis aao longo do curso, tanto an Aula Presencial como na Virtual.